

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	A ESTRADA
<b>Edificio</b>	Capela de San Bieito de Montillón
<b>Dirección</b>	Lugar do Montillón de Arriba, s.n. 36684
	42.599699 -8.486943
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>En Montillón de Arriba érguese unha ermida en advocación de San Bieito, fundador da orde beneditina, da que xurdiron outras ordes como a de Cluny e a do Císter, que a diferenza da anterior buscaba unha vida máis sobria baseada no "ora et labora" preconizada por San Bieito. Foron os monxes cistercienses de Armenteira os que levantaron en Montillón a finais do século XII ou primeiros do XIII un convento, do que o único que queda é a pía bautismal que se atopa ao fondo da ermida.</p> <p>Trátase dun pía cadrada duns 80 centímetros de lado, sen ornamentación pero cunha inscrición que en latín e con abreviaturas di: "O presbítero Fernando fixo a fonte e restaurou a igrexa chamada de San Bieito" (Bouza Brey).</p> <p>En 1605 o cardeal Jerónimo del Hoyo ao falar de S. Miguel de Arca (Souto era un anexo de Arca) informa: "Hay en esta felegresía dos hermitas, la una de san Mamed y la otra de san Torcato. Junto a esta iglesia esta la hermita y granja de San Benito de Montañón que es de los frailes y monasterio de Armentera."</p> <p>A fachada principal da ermida parécese a outras moitas igrexas da contorna, como a parroquial de Souto. Levantada con bos perpiaños de cantería, presenta a porta principal alintelada e salientada por unha moldura, e enriba unha fornela de arco semicircular, onde se acubilla unha imaxe de San Nicolás, labrada en pedra. Sobre a fornela unha bufarda circular no medio dun frontón, insinuado por unha moldura.</p> <p>Adorna a ermida unha espadana central, ornada na base con placas e pináculos nos extremos, con dúas campás, a do lado dereito algo mais grande que a outra, e a cada flanco da espadana un pináculo. Remata o campanario cun van con dous pequenos pináculos a cada lado e rodeado de diversas molduras, sobre as que se ergue unha cruz de ferro.</p> <p>Adousada á ermida está a sancristía que tamén reedificada, segundo di unha placa: "Se restituyó esta sacristía en el año 1904, siendo abad párroco de esta parroquia D. José Porta Mosteiro".</p> <p>A imaxe de San Nicolás que preside a fachada da ermida procede da antiga capela de San Torcuato/San Trocado, desaparecida a comezos do século XX. Segundo a tradición oral, a peza foi adquirida en época de fame a cambio de "tres cuncas de millo miúdo".</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	1

<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	31-05-2026

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1989	49	68
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1884	52.5	84

Información completa: [Capela de San Bieito de Montillón - A ESTRADA \(GALICIA\)](#)

PDF (30-06-2026)